

Galicia Encantada

20

ANIVERSARIO

2005 * 2025

Enciclopedia de Fantasia Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Ovos á raposa, que morreu por golosa!



Unha vez eu vin un raposo que se facía o morto

Despois da Guerra Civil, no "tempo da fame", os mozos da parroquia de Covas, concello de Baralla

(Lugo) acostumaban ir cazar os raposos xa que, día si e día tamén, asolaban os galiñeiros.

Cando cazaban un, logo percorrían as casas co animal pendurado dun pao e anunciando:

"Matamos un raposo; este xa non vai atacar as pitas"

A xente, entón, dáballes unha moeda ou, a maioría das veces, ovos.

[Texto remitido por Xabier Moure Salgado. Becerreá (Lugo). Xuño de 2016]

Tamén pasaba na Fonsagrada. Eu mesmo fun pasear a raposa morta polos pobos, e díciamos:

"Ovos á raposa que morreu por ser golosa"

Que tempos aqueles! Ver unha raposa era como ver o ladrón roubando. E dábannos ovos das galiñas e xuntabamos varias ducias.

[Texto remitido por Antonio Fernández. A Fonsagrada (Lugo). Xuño de 2016]

COMENTARIOS ENVIADOS

Sendo ben neno, lembro isto mesmo polas aldeas de Navia. Confirmo.

Enviado por Toño Núñez o 15/06/2016 ás 0:43:30